



FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

# Somos o que LEAMOS

Encontros coa literatura contemporánea  
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

## EDURNE PORTELA

Mércores, 10 de abril, ás 20.00h.

**Salón de actos da Fundación Luis Seoane**

**Edurne Portela** é doutora en Literaturas Hispánicas pola Universidade de North Carolina-Chapel Hill (EE.UU). Foi profesora titular de literatura na Lehigh University (Pensilvania) ata 2015. En 2016 publicou en Galaxia Gutenberg **El eco de los disparos: Cultura y memoria de la violencia**, un ensaio que reivindica a cultura como ferramenta para dirimir o pasado de violencia en Euskadi. En setembro de 2017 saíu á luz tamén con **Galaxia Gutenberg** a súa primeira novela, **Mejor la ausencia**, unha indagación na Euskadi postindustrial dos anos 80 que foi galardoada co **Premio 2018 ao mellor libro do ano de ficción do Gremio de librerías de Madrid**. Realizou, xunto con José Ovejero, o documental **Vida y ficción (2017)**. Ten unha columna dominical en El País e colaborou con outros medios como El Correo/Diario Vasco e La Marea.

### FORMAS DE ESTAR LEJOS (Galaxia Gutenberg, 2019)

Alicia e Matty coñécense nun pequeno pobo do sur dos Estados Unidos, namóranse, comezan unha vida xuntos, teñen iso que se chama éxito: unha casa, unha carreira, un bo traballo, un bo coche. Ela deixou atrás a súa familia, os seus amigos, a súa vida en Euskadi e se lanzou a unha intensa carreira universitaria, él alcanzou esa forma de felicidade estable que crean as rutinas. Pero aos poucos íranse desvelando as mentiras e perversións que se agochan detrás da vida perfecta, tamén as múltiples maneiras nas que o amor se confunde coas súas imposturas.

(Fonte: Galaxia Gutenberg)



ENTRADA GRATIS ATA COMPLETAR AFORO